

ANEXO IX

MODELO DE RENUNCIA

D./Dña. , co DNI nº ,
actuando en nome e representación da entidade ,
que ten o seu enderezo en .

MANIFESTA:

Que o día (incluírase o texto «publicouse no *Diario Oficial de Galicia*» no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou «recibiu a notificación» no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do , pola que (especificar o título da orde), con código de procedemento IN224A, para o proxecto , por unha contía de euros

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data
_____, de _____ de _____

Asdo.:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convocan para o exercicio do ano 2010 as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e o desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación.

A Constitución española no seu artigo 9.2º establece que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14, a Constitución española reconece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. O seu título VI prevé a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación, entendidas como aquelas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras.

O Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, recolle entre as clases de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica: os bancos

municipais de tempo, os plans de programación do tempo da cidade e/ou a implantación de calquera outra medida de conciliación.

O mesmo decreto inclúe un mandato ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de traballo para que poña en funcionamento unha serie de axudas e subvencións de apoio ao establecemento de medidas municipais de conciliación.

A Consellería de Traballo e Benestar considera de máximo interese o fomento das actuacións destinadas á promoción da conciliación da vida persoal e laboral e entende que, para isto, é fundamental prestar apoio ás accións que neste sentido emprendan as entidades locais dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos aos cidadáns e cidadás, coñecedores das necesidades da súa poboación.

O Servizo de Igualdade Laboral, adscrito á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, asume as funcións da Unidade Administrativa de Igualdade, creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e é o órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito do citado departamento.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O obxecto desta orde é aprobar as bases que rexerán a concesión de subvencións e proceder á súa convocatoria pública, para as diferentes medidas que leven a cabo as entidades locais galegas que se especifican no artigo 2º, coa finalidade da posta en marcha e desenvolvemento de:

a) Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlle ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

b) Plans de programación do tempo da cidade que, elaborados polos concellos, pretenden unha coordi-

nación dos horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

c) Implantación de calquera outra medida, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares.

2. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Entidades beneficiarias.*

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria os concellos, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local constituídos exclusivamente polos concellos implicados.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar ao rexeitamento motivado de todas as solicitudes individuais de subvención subscritas polo concello de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. Os concellos solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarios exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Orzamento.*

O financiamento destes programas efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, do seguinte xeito:

a) Os gastos recollidos no artigo 13.1º alíneas a) e c) desta orde subvencionaranse a través dos créditos consignados na aplicación 12.01.321A.460.1, código de proxecto 2010/00789, polo importe global de 301.361 €.

b) Os gastos recollidos no artigo 13.1º alínea b) desta orde, subvencionaranse a través dos créditos consignados na aplicación 12.01.321A.760.0, código de proxecto 2010/00789, polo importe global de 80.000 euros.

Todo isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións ou de novas dispoñibilidades orzamentarias ou de remanentes procedentes doutras convocatorias.

Artigo 4º.-*Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as realizadas desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 30 de outubro do mesmo ano e, consecuentemente, os xustificantes de pagamento inicialmente poderán referirse ao dito período. Non obstante, e en aplicación do artigo 45.1º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a resolución de concesión fixará o prazo de xustificación da subvención, o cal determinará finalmente o período máximo establecido de realización da actividade.

Artigo 5º.-*Solicitudes, prazo e forma de presentación.*

1. As solicitudes de subvención presentaranse, segundo o modelo que se publica como anexo I, e dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar. Pódense presentar no rexistro da consellería, nos dos departamentos territoriais ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Segundo o establecido no artigo 14.2º da Lei 9/2007, os concellos interesados poderán consultar esta orde e obter os impresos necesarios desde a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballo.xunta.es>).

2. A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. A solicitude poderá formalizala:

- a) O/a alcalde/sa presidente/a ou persoa en quen delegue.
- b) O/a presidente/a da mancomunidade, consorcio ou persoa en quen delegue.

c) O/a representante que se estableza no acordo de asociación, logo de delegación de cada un dos concellos.

En calquera dos casos, a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo Pleno, pola Comisión de Goberno da entidade peticionaria ou por decreto da alcaldía.

Artigo 6º.-*Documentación.*

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria detallada das actuacións previstas para o desenvolvemento de cada unha das medidas, sinaladas no artigo 1.1º, que sexan obxecto de solicitude. Esta memoria conterá os seguintes aspectos:

-Principais liñas de actuación e accións que se van acometer.

-Necesidade ou conveniencia da execución das ditas medidas.

-Cronograma.

-Obxectivos perseguidos e propostas concretas.

-Número estimado de persoas destinatarias das distintas actuacións.

-Implicación das asociacións e/ou consellos de mulleres municipais ou comarcais no desenvolvemento das medidas.

-Valoración económica na cal se detallará o importe solicitado e o cofinanciamento da entidade.

-Indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.

-Compromiso de utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto das axudas reguladas nesta orde.

-Outras circunstancias consideradas imprescindibles para a valoración da solicitude.

b) As certificacións seguintes:

b.1) Certificación do/a secretario/a que recolla o acordo do órgano competente de solicitude da subvención e de nomeamento dun/unha representante se procede.

b.2) Certificación do órgano competente sobre a existencia de crédito para facer fronte á porcentaxe de financiamento que asume a entidade local sobre o total do proxecto presentado (anexo II).

c) Para os concellos que se asocien para os efectos desta orde, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as, dos acordos do Pleno ou da Comisión de Goberno en que delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

d) Xustificación de ter presentada a solicitude de validación das medidas que se van subvencionar. Só serán subvencionables as medidas para as cales se

teña solicitada a validación antes do último día do prazo de solicitude desta subvención.

e) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais (anexo III).

f) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo IV).

g) Ficha de transferencia bancaria debidamente asinada pola persoa representante da entidade local e a entidade bancaria (anexo V).

h) Orzamento en que figure o custo estimado dos conceptos para os cales se solicita a subvención.

i) Compromiso de utilización da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda, se procede.

Artigo 7º.-*Tramitación dos expedientes.*

1. O Servizo de Igualdade Laboral, como órgano instrutor do procedemento, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde.

En caso contrario, conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o/a interesado/a será requirido/a para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción do dito requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistido/a na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración para estes efectos, que estará presidida pola persoa titular da Vicesecretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar e da cal formarán parte ademais a persoa titular do Servizo de Igualdade Laboral e un funcionario ou funcionaria do devandito servizo que actuará como secretario ou secretaria.

A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir dos/as solicitantes das subvencións información ou documentación adicional, que aínda non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Avaliadas as solicitudes, seguindo os criterios establecidos no artigo seguinte, a comisión de valoración informará o órgano instrutor, que elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, formularase unha proposta de resolución provisional que se lle notificará ao/á interesado/a para que no prazo de 10 días presente as alegacións que crea pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos/as interesados/as, tendo, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos relativos a cada unha das medidas:

a) Interese das actividades que se propoñen, valorándoo segundo a medida de que se trate:

-Banco de tempo: ata 25 puntos.

-Plan de programación do tempo da cidade: ata 25 puntos.

-Outras medidas municipais de conciliación: ata 10 puntos.

b) Poboación que poida verse beneficiada polas accións que se van desenvolver: ata 10 puntos.

c) Actuacións que teñan sido consensuadas con entidades sen ánimo de lucro: ata 10 puntos.

d) Propostas concretas formuladas para curto e medio prazo: ata 15 puntos.

e) Participación da entidade no financiamento das actuacións: ata 10 puntos.

f) Indicadores de avaliación: de actividade, resultados, impacto..., pertinencia dos obxectivos formulados e utilización de mecanismos de avaliación axeitados: ata 15 puntos.

g) Carácter innovador das actuacións pola metodoloxía, destinatarias/os ou avaliación: ata 8 puntos.

h) Emprego do idioma galego: ata 7 puntos.

Artigo 9º.-*Contía da subvención.*

1. A concesión das subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecendo unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no artigo anterior, e adjudicarase a aquelas propostas que obtiven maior puntuación.

2. Para os gastos correntes incluídos no artigo 13.1º, epígrafes a) e c), a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos orixinados pola adquisición de activos mobiliarios incluídos no artigo 13.1º epígrafe b), a subvención non poderá superar os 2.000 euros.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. Correspóndelle á persoa que posúa a titularidade da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, por delegación da persoa que posúa a titu-

laridade da consellería, e despois da fiscalización pola intervención correspondente, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución da subvención ditarase no prazo máximo de catro meses contados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12º.-*Forma de pagamento.*

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificadas correctamente os gastos realizados segundo o previsto no artigo 14º desta orde e nos termos e nas condicións establecidas no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no capítulo II do seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

Artigo 13º.-*Gastos subvencionables.*

1. Terán a consideración de subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza das actuacións presentadas na solicitude e se realicen e xustifiquen dentro do prazo fixado no artigo 4º desta orde. Estes gastos non poderán refe-

irse aos mesmos conceptos ou accións concretas polas que se percibise subvención en exercicios anteriores.

a) Gastos subvencionables para todas as medidas:

-Ata o 50% do custo derivado da contratación dunha entidade externa especializada en igualdade para o asesoramento na implantación ou na aplicación das distintas medidas a subvencionar.

-Ata o 50% dos gastos de coordinación e posta en marcha das distintas medidas (difusión das actuacións, materiais funxibles, formación das persoas responsables,...).

-Ata o 50% dos gastos orixinados pola cooperación con outras entidades e asociacións para levar a cabo actividades de apoio, divulgación, xestión e avaliación das medidas que se van subvencionar.

b) Gastos subvencionables específicos para os bancos de tempo:

-Ata o 75% do custo da adquisición dos activos mobiliarios (mobles, equipamento informático, ...) necesarios para actuacións relativas a esta medida.

c) Gastos subvencionables específicos para os plans de programación do tempo da cidade:

-Ata o 75% dos orixinados pola compensación da persoa responsable do Plan de programación do tempo da cidade, segundo o artigo 6º.1 c) do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Estas axudas terán por obxecto o pagamento das axudas de custo e dos gastos de viaxe da persoa responsable do dito plan.

-Ata o 75% dos gastos da posta en funcionamento e convocatorias da mesa de concertación do plan.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación indicado no número 1 deste artigo.

Artigo 14º.-*Xustificación.*

1. Antes da data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente pagamento, a entidade beneficiaria deberalle enviar á Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar a seguinte documentación:

a) Certificación de gastos realizados e efectivamente pagados, onde deberá constar a relación de facturas xunto cunha fotocopia compulsada destas. As facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

No caso de que a axuda se concedese para a contratación dunha entidade externa especializada en igualdade, na certificación deberase facer mención do cumprimento do establecido no artigo 29.3º da

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Memoria de execución da actividade que deberá recoller como mínimo: descrición das actuacións desenvolvidas, valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade, divulgación que se realizou.

c) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

3. A secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere convenientes dos medios de xustificación a que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria non os remitise dentro do prazo que se sinala, entenderase que renuncia á subvención.

Artigo 15º.-Obrigas das entidades locais beneficiarias.

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou sexa de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Facer constar en todos aqueles soportes informativos e publicacións que se realicen que as actividades foron subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Seguimento e avaliación.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da secretaria xeral, establecerá os mecanismos oportunos para o seguimento e a avaliación das actividades subvencionables e, para tal fin, as entidades beneficiarias da subvención comprométense a facilitar a tarefa de seguimento.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde.

Artigo 17º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 18º.-Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora xerados segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impidisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, ou do proxecto.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nesta orde.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ou dos compromisos asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou cando do incumprimento derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos ou o cumprimento do obxecto.

f) Nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que se vai desenvolver, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

2. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 19º.-*Modificación da subvención.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que

determine o órgano competente, polo que as entidades solicitantes destas axudas, xunto coa presentación da documentación necesaria, na continuación do anexo I, incluírán unha declaración pola que autorizan expresamente o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Consellería de Traballo e Benestar, que é de 301.361 € na aplicación orzamentaria 12.01.321A.460.1 e de 80.000 € na aplicación 12.01.321A.760.0.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na persoa titular da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións de concesión destas ditadas por delegación da persoa titular da consellería; autorizar e dispoñer os gastos así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-As entidades beneficiarias atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplícase o disposto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN E ESTABLECEMENTO DE BANCOS MUNICIPAIS DE TEMPO, PLANS DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE E/OU OUTRAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR910C	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1)
---	---	--

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		NIF/CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
ENDEREZO	PROVINCIA	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

Don/Dona _____, con documento nacional de
identidade número _____, como representante legal da entidade citada,

SOLICITA:

Nos termos sinalados na memoria adxunta, a concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Traballo e Benestar do _____, polo importe que corresponda, para:

- CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE EXTERNA ESPECIALIZADA EN IGUALDADE PARA ASESORAMENTO NA IMPLANTACIÓN OU NA APLICACIÓN DAS DISTINTAS MEDIDAS QUE SE VAN SUBVENCIONAR.
- GASTOS DE COORDINACIÓN E POSTA EN MARCHA DAS DISTINTAS MEDIDAS.
- GASTOS ORIXINADOS POLA COOPERACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES DE APOIO, DIVULGACIÓN, XESTIÓN E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS A SUBVENCIONAR.
- ADQUISICIÓN DE ACTIVOS MOBILIARIOS NECESARIOS PARA ACTUACIÓNS RELATIVAS AOS BANCOS DE TEMPO.
- COMPENSACIÓN DA PERSOA RESPONSABLE DO PLAN DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE.
- GASTOS DA POSTA EN FUNCIONAMENTO E CONVOCATORIAS DA MESA DE CONCERTACIÓN DO PLAN DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE.

DECLARA QUE:

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no dorso.
- Acepta someterse ás actuacións de comprobación e control previstas na orde de convocatoria.
- Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Comprométese á utilización de linguaxe non sexista en todas as actividades e materiais obxecto da subvención regulada nesta orde.
- Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2010, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e o desenvolvemento dos bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación.

SELO E SINATURA DO/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- MEMORIA DETALLADA DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.
- CERTIFICACIÓN DO/A SECRETARIO/A QUE RECOLLA O ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN E DE NOMEAMENTO DUN/DUNHA REPRESENTANTE SE PROCEDE.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE SOBRE A EXISTENCIA DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE Á PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO QUE ASUME A ENTIDADE LOCAL SOBRE O TOTAL DO PROXECTO PRESENTADO (anexo II).
- PARA OS CONCELLOS QUE SE ASOCIEN PARA OS EFECTOS DESTA ORDE, DOCUMENTO EN QUE SE ACORDE A COLABORACIÓN DOS CONCELLOS E CERTIFICACIÓN DOS/AS SECRETARIOS/AS, DOS ACORDOS DO PLENO OU DA COMISIÓN DE GOBERNO EN QUE DELEGAN A PETICIÓN DE SUBVENCIÓN NO CONCELLO QUE ACTÚE COMO REPRESENTANTE DE TODOS ELES.
- XUSTIFICACIÓN DE TER PRESENTADA A SOLICITUDE DE VALIDACIÓN DAS MEDIDAS QUE SE VAN SUBVENCIONAR.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO PROCEDENTES DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS (anexo III).
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA (anexo IV).
- FICHA DE TRANSFERENCIA BANCARIA DEBIDAMENTE ASINADA POLA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE LOCAL E A ENTIDADE BANCARIA (anexo V).
- COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA AS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO E
 BENESTAR

ANEXO II

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

SUBVENCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN E O ESTABLECEMENTO DE BANCOS MUNICIPAIS DE TEMPO, PLANS DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE E/OU OUTRAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN

CERTIFICACIÓN DE EXISTENCIA DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE Á PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO QUE ASUME A ENTIDADE LOCAL

Don/Dona , con NIF
 representante da entidade , con CIF
 solicitante dunha subvención para

- implantación e establecemento de bancos municipais de tempo,
- plans de programación do tempo da cidade,
- outras medidas municipais de conciliación,

declara que existe crédito suficiente para facer fronte á achega da entidade local por importe de
 sobre o total do proxecto de acordo coa seguinte desagregación:

<i>Actuación</i>	<i>Achega da entidade local</i>	<i>Achega solicitada</i>	<i>Total</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Selo e sinatura da entidade solicitante)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO III

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS

Don/Dona , con NIF
solicitante dunha axuda en representación da entidade , con CIF

en relación á Orde do _____ de _____ de _____ pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010 as axudas e subvencións para implantación e establecemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, e/ou outras medidas municipais de conciliación, e se procede á súa convocatoria, declara que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e lle foi/ foron concedidas, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE, ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgũa solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

Non ten solicitado nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Selo e sinatura da entidade solicitante)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E
BENESTAR

ANEXO IV

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

SUBVENCIÓN PARA A IMPLANTACIÓN E O ESTABLECIMENTO DE BANCOS MUNICIPAIS DE TEMPO, PLANS DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE E/OU OUTRAS MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO/A

Don/Dona , con NIF
representante da entidade , con CIF

solicitante dunha subvención para implantación e establecemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, e/ou outras medidas municipais de conciliación, declara responsablemente que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario/a e non se atopa en ningunha das situacións e prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Selo e sinatura da entidade solicitante)



EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		NIF/CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará

as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, entre as que se atopan as entidades representativas das sociedades cooperativas e das sociedades laborais.

As axudas establecidas nesta orde para o fomento e consolidación do asociacionismo e para a realización de actividades de promoción intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño,